

# ENCUNTROS DE TECNOLOXÍAS INNOVADORAS

## Xerando simulacións virtuais en webXR

### Programa

#### Presentación

M<sup>a</sup> José Mariño Fontenla  
Directora de Centros da Axencia  
Galega de Innovación

#### Invitados

Pablo Fernández  
ITG  
Horácio Tomé-Marques  
ESMAD  
Diego González  
DAM

#### Contido

WebXR  
Utilidades  
Babylon.js  
A-Frame  
Unity

#### Coloquio

O CIS Tecnoloxía e Deseño da Axencia Galega de Innovación organiza o vindeiro martes 27 de xuño o terceiro Encontro de Tecnoloxías Innovadoras 2023.

WebXR Device API é unha interface de programación de aplicacións que permite o acceso e a interacción desde dispositivos de realidade aumentada e realidade virtual, á vez que permite tamén o funcionamento das aplicacións en computadores e dispositivos móbiles, todo iso desde un navegador web.

A API do dispositivo WebXR está a ser definida, entre outros, polos grupos W3C, que se encargan de propoñer os estándares que dean lugar a unha web universalmente accesible e fiable.

Converterase a webXR no estándar das tecnoloxías simulación virtual? Será o medio no que traballar no Metaverso interconectado e universal que todos desexamos?

Desde logo, para quen desenvolve aplicacións, non ter que deseñar unha aplicación distinta para cada dispositivo convértese nun aforro de tempo e por tanto de custos moi importante.

Actualmente existen varios modos de xerar aplicacións en webXR, entre eles Babylon.js, A-Frame e Unity, e nesta xornada entraremos en contacto con estas tres tecnoloxías da man de Pablo Fernández, Responsable de Tecnoloxías Inmersivas do Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), de Horácio Tome-Marques, Director da Unidade de Investigación da Escola Superior de Media, Artes e Design (ESMAD); e de Diego González, Técnico superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma, respectivamente.

Esta xornada enmárcase dentro das actividades da rede Enterprise Europe Network.

27 de xuño de 9:30 a 11:30 h · Modalidade en liña · Prazo de inscrición ata o 26 de xuño  
Tfno. +34 981 337 173 · email [infocistd.gain@xunta.gal](mailto:infocistd.gain@xunta.gal)



XUNTA  
DE GALICIA

